



*Zapateiros do gremio
de Vilanova, ano 1960.
De esquerda a dereita:
Luis Meléndez "Nelso",
Manolo Meléndez "Icbavo",
Ángel Vázquez,
Manolo Vázquez "Rin rin"
e Amelia Rodríguez.*

NOELIA DOMÍNGUEZ CONDE

Licenciada en Xeografía e Historia.

Os zapateiros

de Vilanova dos Infantes
entre 1945 e 1965



Noelia Domínguez Conde

Vilanova dos Infantes é unha vila marcada pola sona que os seus zapateiros tiveron na provincia de Ourense e ata no Sur de Lugo. Así o recolle o propio Curros Enríquez na súa obra *A Virxe do Cristal*:

*Vilanova dos Infantes
é vila de grande sona:
n'bai zapateiros no mundo
que batan millo-la sola*


Con este pequeno traballo, o que pretendemos é coñecer a incidencia real que esta “protoindustria” do calzado tivo en Vilanova entre os anos 1945 e 1965. Para isto, centrarémonos na análise da evolución do número de zapateiros empadroados durante eses anos e na porcentaxe

que ditos zapateiros representaban con respecto á poboación total da vila.

Fuxiremos neste caso de abordar cuestións propias do oficio de zapateiro porque excede o ámbito que nos marcamos para este traballo e porque xa existen outros estudos que afondan neses aspectos.

Vilanova e os primeiros zapateiros


Vilanova é unha vila formada a partir dun burgo medieval ao redor do Castelo do Conde de Monterrei. En 1837, coa primeira división municipal, pasará a ser considerada cabeza e, apenas un século despois, en 1927, integrarase no Concello de Celanova.



A vila organizase en dúas zonas¹. A primeira delas é o *castro*, a zona máis antiga (desenvolvida durante a Baixa Idade Media) e que comprende a torre señorial e o recinto amurallado. A segunda zona está formada polos barrios exteriores. Barrios xurdidos dende a Baixa Idade Media ata a Idade Moderna nos que se foron instalando diferentes grupos sociais (artesáns, comerciantes...), zonas relixiosas...



A súa base económica estivo marcada, como no resto de zonas rurais do interior de Galicia, por unha agricultura case de subsistencia combinada co mantemento dunha pequena cabana gandeira. Sen embargo, tal e como afirma Fidalgo Santamariña, “as súas especialidades artesás, centradas na fabricación do calzado, chegaron a condicionar, máis que ningunha outra actividade produtiva, a modalidade de existencia e traballo da poboación deste lugar parroquial”².



A primeira referencia documental coñecida que amosa a presenza de zapateiros en Vilanova data de 1470. Así o documento Breatriz Vaquero na *Colección Diplomática do Mosteiro de San Salvador de Celanova, ss XIII - XV*, nun documento no que se rexistra a venda das casas que Sancha Pérez posuía en Vilanova ó Mosteiro de Celanova, e onde se indica que unha delas linda con “Juan Míngues, çpateyro”.



A seguinte testemuña que fai referencia a esta actividade artesá atopámola xa en época moderna, en 1726, cando o padre Villafañe recolle a lenda da aparición da

Virxe do Cristal en 1630. Aquí fala dunha danza gremial que os zapateiros comezaron a representar en honor á Virxe, o que deixa constancia de que non se trataba soamente dunha actividade testemuñal.

Pouco despois, en 1752, o Persoal de Legos do Catastro de Ensenada³ recolle a ocupación dos 195 cabezas de familia residentes en Vilanova. Deles, 61 eran labradores e ata 30 traballaban en diferentes actividades artesás. Entre estes 30 atopamos nove zapateiros.

Estes datos son moi valiosos, posto que nos dan mostra da pluriactividade existente, a pesar da máis que probable ocultación de datos e de que non se recolle a profesión dos fillos maiores de idade residentes na unidade familiar. Na maioría dos casos, o oficio de zapateiro sería unha actividade complementaria á agricultura, polo que todos aqueles que contaran con terras preferían figurar como labradores en lugar de como artesáns.

Os zapateiros de Vilanova entre 1945 e 1965

Para achegarnos á repercusión que tiveron os zapateiros na vila de Vilanova e intentar coñecer o seu número real, decidiuse baleirar os datos dos empadroamentos municipais dos anos 1945, 1950, 1955, 1960 e 1965⁴ (así como das diferentes rectificacións anuais feitas dende 1938 ata 1969).

É preciso resaltar que o empadramento municipal do ano 1960 non está completo, polo que, aínda que incluímos os seus datos no estudo, non son tidos en conta para a análise da evolución do número de zapateiros.

1. FIDALGO SANTAMARIÑA, J.A. e LIMIA GARDÓN, F.J. *Vilanova dos Infantes. Patrimonio etnográfico de una parroquia ourensana*. Editorial Auria, Ourense, 2001. p. 20

2. FIDALGO SANTAMARIÑA, J.A. e LIMIA GARDÓN, F.J. *Vilanova dos Infantes...* p.72 (castelán).


3. AHPOU. Caixa nº24.

4. Arquivo municipal do Concello de Celanova. Caixas 730, 731, 1016, 1017, 1023, 1024 e 1025.

Zapateiros empadroados e proporción respecto á poboación total


Na seguinte táboa podemos ver o número de zapateiros empadroados no núcleo de Vilanova entre 1945 e 1965⁵. En 1945 e 1950 o seu número é bastante significativo, con 97 e 120 zapateiros empadroados en cada un respectivamente. A partir de aquí comeza un importante declive que reduce o número de zapateiros á metade: en 1955 hai 49 e en 1965, 54.

TÁBOA Nº1⁶:
ZAPATEIROS EMPADROADOS EN VILANOVA



A evolución é máis ou menos a mesma se engadimos os datos do Cristal e de Santa María.

TÁBOA Nº2:
ZAPATEIROS EMPADROADOS EN VILANOVA,
O CRISTAL E SANTA MARÍA




Destaca, sen embargo, o feito de que a partir de 1955 desaparecen case por completo os zapateiros empadroados nestes dous núcleos.

Estas cifras son aínda máis importantes se temos en conta que os empadroamentos soamente recollen a profesión dos cabezas de familia e dos fillos varóns. Pero tamén as mulleres e as fillas dos zapateiros participaban dalgunhas das actividades que se realizaban nos talleres e acostumaban encargarse da venda do calzado nas feiras. Así o recollen Fidalgo Santamariña e Simal Gándara: “Sabemos que unha grande parte da poboación de Vilanova se veu caracterizando nas últimas centurias pola especial adicación á fabricación artesá de calzado de pel, coiro e madeira.

Esta actividade era realizada por homes nos obradoiros instalados nas propias casas - vivenda, axudados a miúdo polas donas que contribúen desenvolvendo diversas tarefas no proceso de fabricación, ademais de vendelo ós almacéns e comercios do ramo, e nas feiras e mercados do espazo comarcal”⁷.

Sen embargo, elas soen aparecer empadroadas coa profesión de “sus labores”. As únicas excepcións a esta norma son Purificación Araújo Campos e Salomé González Cid.

Estes datos son por si sos de gran importancia, pero para comprender o impacto social que tivo o desempeño desta actividade artesá, debemos ter en conta a porcentaxe que os zapateiros representan con respecto á poboación total.




5. Dende agora, cando falemos de Vilanova, referirémonos soamente o núcleo principal da vila, deixando a un lado O Cristal e Santa María, que se citarán de forma independente.
6. Tódalas táboas son de elaboración propia a partir dos datos extraídos dos empadroamentos.
7. FIDALGO SANTAMARIÑA e SIMAL GÁNDARA (coords.). *Patrimonio cultural de Galicia e Norte de Portugal*. Cadernos do Laboratorio ourensán de antropoloxía social nº6. Deputación Provincial de Ourense, 1997.

Como se pode ver na seguinte táboa, en 1945 e 1950 o número de zapateiros empadroados representa, respectivamente, o 19,2% e o 22,5% da poboación total. En 1955 o número de zapateiros baixa de 120 a 49 e, en consecuencia, a proporción descende ata o 7,7%.

En 1965 as cousas cambian. O número de zapateiros continúa baixo (hai 54 empadroados), sen embargo, volve aumentar a porcentaxe que representan en relación coa poboación ata o 18,7%. Isto débese, como veremos a continuación, ao acusado descenso de poboación que vive a vila a partir da década do cincuenta.

Estas porcentaxes indican a gran importancia que adquiriu a profesión de zapateiro, sobre todo se temos en conta que en Galicia a poboación activa non agraria só supera á ocupada na agricultura en 1971⁸.


TÁBOA Nº3:
PORCENTAXE QUE REPRESENTAN OS ZAPATEIROS
CON RESPECTO Á POBOACIÓN TOTAL DE VILANOVA



Evolución demográfica e emigración

Para comprender porqué a pesar do descenso do número de zapateiros en 1965 aumenta a porcentaxe que representan dentro de Vilanova, temos que analizar a evolución da poboación.


TÁBOA Nº4:
POBOACIÓN DO NÚCLEO DE VILANOVA



Con esta táboa podemos constatar de xeito moi evidente como a partir dos anos cincuenta se produce unha brusca perda de poboación. Isto está en consonancia coa evolución xeral das provincias do interior de Galicia, que medraron moderadamente dende finais do XIX, pero que a partir de 1950 comezaron a perder poboación, tal e como estudan De Juana e Vázquez⁹: “Lugo e Ourense evidencian un poboamento inferior á media rexional, que medra lixeirísimamente ou se estanca, e que a partir dos anos cincuenta comeza a reducirse constantemente”.

Este descenso de poboación débese fundamentalmente a dous factores: ao avance da transición demográfica (que supuxo a caída da taxa de mortalidade pero tamén da de natalidade) e á emigración. “Lugo e Ourense, cun crecemento vexe-

8. FERNÁNDEZ PRIETO, L. *Las transformaciones económicas*. En DE JUANA, J. e PRADA, J. (coords.) *Historia contemporánea de Galicia*. Ariel, Barcelona, 2005. p. 156. (castelán)
9. DE JUANA e VÁZQUEZ, A. *Población y emigración en Galicia*, en DE JUANA e PRADA (coords.) *Historia contemporánea de Galicia*. p.412 (castelán).




tativo medio - baixo polo avellentamento da poboación, o escaso desenvolvemento económico e a ausencia de varios centros urbanos como polos de atracción, non poden contrarrestar a gran presión migratoria e amosan unha redución da súa poboación absoluta¹⁰.

Non podemos, polo tanto, comprender a evolución de Vilanova nestes anos sen ter en conta as correntes migratorias. E é que a emigración converteuse na historia contemporánea de Galicia nun factor socioeconómico estrutural¹¹. É dicir, a emigración acadou cotas tan importantes que é imposible analizar axeitadamente calquera aspecto económico ou social da nosa historia contemporánea sen tela en conta.

Dende os anos cincuenta, os padróns municipais comezan a recoller veciños ausentes ben noutras cidades galegas (sobre todo en Vigo) ou españolas, ben noutros países europeos, ou ben en Venezuela, que foi o lugar ao que preferentemente emigraron os zapateiros vilanoveses. Só cos padróns non podemos coñecer o número de emigrantes (posto que soamente se recollen aqueles que se consideran ausentes temporalmente) pero serve para facernos unha idea dos lugares aos que trasladaron a súa residencia.

En 1955 atopamos nove zapateiros residindo en Venezuela, un en Brasil e outro



10. DE JUANA e VÁZQUEZ, A. *Población ...*, en DE JUANA e PRADA (coords). *Historia ...* p.420 (castelán).

11. DE JUANA e VÁZQUEZ, A. *Población ...*, en DE JUANA e PRADA (coords). *Historia ...* p.425 (castelán).

na Arxentina. En 1960, aparecen catro residentes en Venezuela e un en Portugal. E en 1965: cinco en Venezuela, un en Alemaña e outro en Arxentina.



A posguerra española estivo marcada polo isolacionismo económico, a intervención “cuartelaria” do estado na economía e as profundas dificultades económicas que provocou a política autárquica. De feito, non só os alimentos estiveron racionados, tamén o estiveron os materiais, con cupos controlados polos sindicatos. Isto provocou que descendera a produción de calzado e que materiais como o coiro entraran no comercio do estraperlo¹².

Pero nestas correntes migratorias non influíu soamente a situación económica xeral, senón tamén o feito de que os talleres artesanais non chegaron nunca a iniciar un proceso de industrialización



que si se realizou noutras zonas. Coa industrialización chegou o proceso de vulcanización, que puxo fin ao complexo proceso de cosido, baixando así os prezos do calzado e facendo que os zapatos feitos completamente a man dos zapateiros de Vilanova non tiveran prezos competitivos no mercado. De feito, a única aproximación á industrialización que tiveron foi a progresiva incorporación do esmeril de motor.

Segundo os datos de Olga Araújo¹³, parece ser que moitos dos zapateiros

de Vilanova dos Infantes emigraron a Caracas, onde montaron diferentes fábricas ou almacéns de calzado. Co tempo, chegouse a formar unha rede de emigración na que os zapateiros xa instalados en Venezuela reclamaban aos seus familiares ou veciños para traballar con eles nas fábricas.

O pobo emigrou en masa: Arxentina, Cuba, Brasil, Uruguay, Chile, Norteamérica, dispois Venezuela. Endexamais voltaban. Familias enteiras. Picaron os vellos, algunhas “viúdas de vivos”. Os que quedaron, ó chegar a noite de pedra, esqueceron a súa prosapia proletaria domesticándose i esmorecendo no chisme, na frieza e na servidume. [...]

O Pajilla os vinte anos ficou sen familia prá sempre. Probe Pajilla. Facía chancas e perdía nelas. A feira do Couso, de Porqueirós, de Xinzo, do sete en Ourense, do Vinteún, de Ribadavia, de Gomesende, de Cartelle, de Chantada, de Bande. Mollado, feito un pito. O burro non andaba¹⁴.

Localización dos talleres

As esixencias derivadas dos oficios que se practicaban en cada vila, determinaron inevitablemente a propia configuración do territorio e das vivendas tanto no referente ao espazo público como no privado.

Na maioría dos casos, os talleres dos zapateiros estaban situados en *cuartos* nas propias vivendas ou en locais anexos. “Tocante ós espazos privados radicados no sector, témonos fixado sobre todo nos obradoiros artesás. Estes centros de traballo nos que se elaboraban chancos e zapatos de todo tipo, aparecen salpicados nun

12. FIDALGO SANTAMARIÑA, J.A. e LIMIA GARDÓN, F.J. *Vilanova dos Infantes...* p.81 (castelán).

13. ARAÚJO, O. «Vilanova dos Infantes e o gremio dos zapateiros.» En revista *Raigame* nº25

14. SOTO, L. «Antre pau e pau: fame, medo, diáspora e trauma.» Revista *Vieiros*, nº4, 1968.


moi elevado número por todo o sector espacial que comentamos. [...] Atópanse case sempre no baixo da casa - vivenda quedando a práctica das demais tarefas domésticas relegadas ó primeiro andar”¹⁵.

estableceu a seguinte clasificación¹⁶: 20 talleres no baixo da casa - vivenda, 16 nun local ou habitación interior, 3 no faiado, 7 nunha construción anexa e só 6 noutros locais.

Fidalgo Santamariña estudou a localización dos talleres artesás entre 1925 e 1965 a partir de referencias orais e

Partindo desta premisa, vamos analizar agora en qué lugares estaban empadroados os zapateiros nos diferentes censos.

TÁBOA Nº5:
LUGAR NO QUE ESTÁN EMPADROADOS OS ZAPATEIROS



Aínda que non tódolos zapateiros tiñan talleres propios, si era o caso de moitos deles, polo que coñecer o lugar no que estaban empadroados serve para facer unha aproximación tamén aos lugares de traballo.


o barrio do Arrabaldo, a Rúa de Celanova (antiga estrada que comunicaba Vilanova con Celanova) e o Cristal.

Como se pode ver, a maior concentración de zapateiros localizábase nas zonas do Castelo (no centro de Vilanova), a Ronda, a Igrexa e a Cruz (nos barrios de extramuros). Estas son tamén as zonas onde máis zapateiros se manteñen despois de iniciado o seu declive xa a partir dos anos cincuenta.

Pola contra, o menor número de zapateiros atopámolo nas zonas do Hospital e o Recreo.

Lugar secundario ocupan a Rúa da Vila (na zona de intramuros), a Praza Maior,

Destaca sobre todo o feito de que en maior ou menor medida había zapateiros en tódolos barrios, o que nos volve dar outra vez conta da súa importancia.



15. FIDALGO SANTAMARIÑA e SIMAL GÁNDARA (coords.). *Patrimonio cultural...* p. 91.

16. FIDALGO SANTAMARIÑA, J.A. e LIMIA GARDÓN, F.J. *Vilanova dos Infantes...* p.74 (castelán).

Conclusiones

As cifras extraídas dos padróns municipais de 1945 a 1965 amósannos a transcendencia que o oficio de zapateiro tivo en Vilanova. Unha pequena vila que, pese a estar marcada pola súa localización nun ámbito claramente rural, foi capaz de ocupar a gran parte da súa poboación en actividades artesanais. Ademais, a produción saída dos talleres de zapateiros, foi quen de superar os límites territoriais do propio pobo para chegar a feiras e mercados de toda a provincia e para atraer a numerosos compradores de zonas próximas.

Sen embargo, as dificultades económicas de posguerra e a falta dun verdadeiro proceso de industrialización,

levaron á emigración á maior parte dos artesáns ou ao abandono do oficio.

Estudar os empadroamentos municipais de 1945 a 1965 serviu para constatar unha realidade coñecida pero non moi estudada. Existen bastantes artigos e publicacións que tratan o tema dos zapateiros facendo fincapé de maneira especial nas características do propio oficio (os tipos de zapatos que se elaboraban, os materiais empregados, a transmisión do oficio...) pero hai moi poucas que recollan datos referentes o número de persoas que realmente se dedicaban a este oficio.

É por isto que consideramos importante que ambos tipos de estudos se combinen para dar unha imaxe o máis completa posible da realidade do oficio dos zapateiros en Vilanova dos Infantes.



Bibliografía

- ARAÚJO, O. «Vilanova dos Infantes e o gremio dos zapateiros.» En Revista *Raigame* nº25, Deputación Provincial de Ourense, Ourense, 2006. pp. 76 – 90.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R. *Historia de Galicia (vol. IV)*. Editorial Galaxia, Vigo, 1981.
- CURROS ENRÍQUEZ, M. *A Virxe do Cristal*. Deputación Provincial Ourense, Ourense, 2001.
- DE JUANA, J. e PRADA, J. (coords.) *Historia contemporánea de Galicia*. Ariel, Barcelona, 2005.
- FIDALGO SANTAMARIÑA, J.A. e LIMIA GARDÓN, F.J. *Vilanova dos Infantes. Patrimonio etnográfico de una parroquia ourensana*. Editorial Auria, Ourense, 2001.
- FIDALGO SANTAMARIÑA e SIMAL GÁNDARA (coords.). «Patrimonio cultural de Galicia e Norte de Portugal.» *Cadernos do Laboratorio ourensán de antropoloxía social* nº6. Deputación Provincial de Ourense. 1997.
- SOTO, L. «A morte do meu amigo que non quixo emigrar.» En Revista *Vieiros* nº4, Ourense, 1968.

Mostra representativa do EMPADROAMENTO MUNICIPAL DE VILANOVA DE 1960
donde se pode apreciar unha elevada porcentaxe de zapateiros

Localidade	nº casa	Nome e apelidos	Data nacemento	Idade	Relación co cabeza de familia	Casado / solteiro	Residencia legal	Observacións
Arrabaldo	6	José Fernández Corbillón		34	cabeza	casado		
Arrabaldo	8	Ramón Rodríguez Santalices		58	cabeza	casado		taller de calzados
Arrabaldo	8	Elías Rodríguez Rodríguez		21	fillo	solteiro		taller de calzados
Arrabaldo	11	Julio Pérez González		23	fillo	solteiro	Caracas	zapateiro empregado
Arrabaldo	15	Manuel Míguez Gómez		26	fillo	solteiro	Lisboa	taller de calzados
Castelo	4	Arturo Núñez Rodríguez		43	cabeza	casado		
Castelo	8	Julio Méndez Rodríguez		59	cabeza	casado		
Castelo	9	Elías Vázquez Méndez		31	cabeza	casado		fábrica calzados
R/Celanova	25	José Villar Vázquez		39	cabeza	casado		fábrica calzados
R/Celanova	28	Pedro Hierro González		21	fillo	solteiro		
Cruz	5	Manuel Santalices Ferro		28	cabeza	casado	Caracas	fábrica calzados
Cruz	7	Alberto González Cid	24/08/1922		cabeza	casado	Venezuela	fábrica calzados
Cruz	16	José Meléndez Pérez		32	cabeza	casado		taller de calzados
Cruz	19	Luis Díaz Araújo		42	cabeza	casado		taller de calzados
Hospital	1	Adolfo Santalices Silva		37	cabeza	casado		
Praza Maior	8	Enrique Outomuro Fernández		28	cabeza	casado		taller de calzados
Praza Maior	15	Arturo Vázquez Meléndez		64	cabeza	casado		
Praza Maior	15	Arturo Vázquez Méndez		34	fillo	solteiro		
Praza Maior	15	Paulino Vázquez Méndez		22	fillo	solteiro		
Ronda	31	Manuel Bouzas Núñez		41	fillo	solteiro		
Ronda	32	Ramón Bouzas Núñez		37	cabeza	casado		
Ronda	33	Pedro Hierro González		20	fillo	solteiro		fábrica calzados
Ronda	36	Desiderio Santalices Silva		49	cabeza	casado		
Ronda	42	Manuel Santalices Silva		53	cabeza	casado		
Ronda	42	José Luis Santalices Ferro		25	fillo	solteiro	Venezuela	
Unión	17	Luis Rodríguez Vázquez		44	cabeza	casado		